



Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

ACORDO:

Na cidade de Ourense, a trinta de setembro de dous mil tres

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común coa denominación de *Comunal de Cañón e Outeiro*, por solicitude dos veciños dos lugares de Cañón, Casasoá, O Outeiro e Moreira, do concello de Celanova (Ourense).

Resultando que con data 30 de marzo de 2001, tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños dos lugares de Cañón, Casasoá, O Outeiro e Moreira, concello de Celanova (Ourense), solicitando se declare o monte *Comunal de Cañón e Outeiro* como veciñal en man común.

Resultando que o Xurado provincial en sesión de data, 26 de setembro de 2001 acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a Miguel Ángel González Trigás e Miriam Areal López, que aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Celanova, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños dos lugares da solicitude, ó presidente da Deputación Provincial de Ourense, ó alcalde do concello de Celanova, á Delegación provincial da Consellería de





Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, Servicio de Montes e Industrias Forestais, á Xerencia Territorial do Catastro e á Delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, publicándose edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios do Concello de Celanova, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo sinalado en edictos os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, e non consta presentada ningunha alegación..

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade de Celanova, como segue:

Anotación Preventiva de iniciación do Procedemento de Clasificación da finca relacionada como monte veciñal en man común no folio 64, do Libro 125 de Celanova, finca número 16154.

Con data 18 de setembro de 2003, os promotores do expediente de clasificación presentan CD cos lindeiros do monte, no que aparece referenciado en coordenadas UTM a paraxe denominada "Pazos da Lagoa" e que atópase claramente delimitado por unha liña de pedras que separa o citado monte do Comunal de Amoro, do que está en trámite a clasificación.





Trasladados os Sres instructores ó terreo, comprobán o límite entre ámbolos dous montes, entrevistando ós veciños dos lugares implicados que manifestan coincidencia co mesmo.

Resultando que na tramitación do expediente se cumpriron todas as formalidades legais.

Considerando que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de montes veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalcable, imprescritible e inembargable e





- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "*actio communi dividundo*".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños dos lugares de Cañón, Casasoá, O Outeiro e Moreira, no concello de Celanova

Os datos do citado monte son os que se refrencian na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños dos lugares de Cañón, Casasoá, O Outeiro e Moreiras, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común, o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños dos lugares de Cañón, Casasoá, O Outeiro e Moreira, para que este xurado puidese acorda-la iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento, o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992.





Visto o Decreto 14/2002, do 24 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

ACORDA:

Primeiro. - Clasifica- lo monte denominado *Comunal de Cañón e Outeiro*, de 85 ha 08 a, aproximadamente en conxunto de superficie a favor dos veciños dos lugares de Cañón, Casasoá, O Outeiro e Morcira, no Concello de Celanova (Ourense) , e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Os datos do citado monte son:

Concello: Celanova (Ourense)

Denominación do monte: Comunal de Cañón e Outeiro

Comunidade propietaria: veciños de Cañón, Casasoá, O Outeiro e Moreira

Superficie : 85 ha 08 a , en conxunto aproximadamente.

Monte Comunal de Cañón:

Superficie: 65 ha 05 a , aproximadamente.

Estremas.

Norte. Comunal de Amoro, propiedades particulares pertencentes ó polígono 93: herdeiros de Manuel Peaguda Fernández (leira nº 369), herdeiros de





Elena Varela Méndez (leira nº 373), herdeiros de Manuel González (leira nº 374) ; e outras propiedades particulares , Comunal de Amoroz e Comunal de Celanova; propiedades particulares do polígono 95: herdeiros de Camila González Arias (leira nº 78), herdeiros de Castor Arias Basalo (leira nº 80), herdeiros de Carmen Casal Casal (leira nº 80); e outras propiedades particulares ; e Comunal de Celanova.

Sur: Comunal de Ansemil, propiedades particulares pertencentes ó polígono 91: herdeiros de Manuel Casal Vázquez (leira nº 13), herdeiros de Elías Martínez Valado (leira nº 15), herdeiros de Antonio González Arias (leira nº 18); e outras propiedades particulares, Comunal de Ansemil; e propiedades particulares pertencentes ó polígono 106: herdeiros de Vicente Domínguez (leira nº 468), herdeiros de Benito Fernández (leira nº 469), herdeiros de Eduardo Álvarez (leira nº 470), e outras propiedades particulares; Comunal de San Martiño e Comunal de Ansemil.

Leste: propiedades particulares do polígono 97: herdeiros de María Casal Casal (leira nº 404), heredeiro de Antonio Casal Vázquez (leira nº 405), herdeiros de Rosa Casal Vázquez (leira nº 406), e outras propiedades particulares; Comunal de San Martiño, e propiedades particulares do polígono nº 106: herdeiros de Camilo López (leira nº 492), herdeiros de Antonio Ríos Martínez (leira nº 504), herdeiros de Francisco Martínez Núñez (leira nº 505), e outras propiedades particulares

Oeste: Comunal de Amoroz, propiedades particulares pertencentes ó polígono nº 93: herdeiros de Ricardo Rapoleiras (leira nº 355), herdeiros de Gumersindo



Pérez Feijoo (leira nº 358), herdeiros de Manuel Fernández Casas (leira nº 359), e outras propiedades particulares, Comunal de Amoroz, e Termo Municipal de Verca.

Neste monte existe un enclavado de propiedades particulares que ocupa aproximadamente unha superficie de 4 ha 06 a, sendo propiedades pertencentes ó polígono nº 107: herdeiros de Elena Penín Álvarez (leira nº 2), herdeiros de Alfredo Reza Ulloa (leira nº 3), herdeiros de Antonio Durán (leira nº 4), e outras propiedades particulares.

Monte Outeiro:

Superficie: 20 ha 03 a , aproximadamente

Estremas:

Norte: propiedades particulares pertencentes ó polígono 97: herdeiros de Dolores Casal Casal (leira nº 8), herdeiros de Antonio González Arias (leira nº 9), herdeiros de Antonio Durán (leira nº 10), e outras propiedades particulares

Sur: Comunal de Ansemil

Leste: propiedades particulares do polígono nº 105: herdeiros de Camilo Portela (leira nº 120), herdeiros de Narciso Losada González (leira nº 125), e outras propiedades particulares e Termo Municipal de Verca

Oeste: propiedades particulares pertencentes ó polígono nº 97: herdeiros de Isac Pungín Freire (leira nº 362), herdeiros de Rosa Justo Pérez (leira nº 266), herdeiros de Carmen Losada Feijoo (leira nº 265), e outras propiedades particulares






Neste monte existe un enclavado de propiedades particulares que ocupa aproximadamente unha superficie de 04 a, pertencentes a herdeiros de María Fernández (parcela nº 121 do polígono 105)


Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta resolución ó alcalde-presidente do concello de Celanova, ós representantes da comunidade veciñal, ó xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).



[Handwritten signatures and marks over the stamp and text]







Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **7 de abril de 2025** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

X.- Solicitud de revisión de esbozo do MVMC "Comunal de Cañón e Outeiro", pertencente á CMVMC de Cañón, Casasoá, o Outeiro e Moreiras, no concello de Celanova.

O servizo de montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 31 de marzo de 2023 en relación coa citada solicitude. O perímetro obxecto desta revisión parcial de esbozo inclúe o perímetro colindante con particulares.

O Xurado Provincial, tendo en conta o informe favorable do servizo de montes, aprobou a solicitude de revisión de esbozo.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 8 de maio de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución relativa á revisión de esbozo do monte veciñal en man común Comunal de Cañón e O Outeiro, no concello de Celanova.

Examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do MVMC Comunal de Cañón e O Outeiro, pertencente á CMVMC de Cañón, Casasoá, O Outeiro e Moreiras, no concello de Celanova, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 27.9.2022 a CMVMC de Cañón, Casasoá, O Outeiro e Moreiras presentou unha solicitude (Rexel núm. 2022/2374021) de revisión de esbozo do MVMC Comunal de Cañón e O Outeiro, no concello de Celanova.

Coa solicitude achegaron a seguinte documentación:

- Certificación do acordo da asemblea xeral do 28.4.2022.
- Memoria e planos.
- Arquivos xeográficos en formato vectorial.

Segundo. O Servizo de Montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 31 de marzo de 2023 en relación coa citada solicitude. O perímetro obxecto desta revisión parcial de esbozo inclúe o perímetro lindeiro con particulares.

A superficie do MVMC Comunal de Cañón e O Outeiro, unha vez revisado o esbozo, resulta de 83,605 ha fronte ás 85,08 ha clasificadas, o que supón unha redución do 1,7 % da superficie.

Tendo en conta o anterior, emítese informe favorable sobre a revisión do esbozo do MVMC Comunal de Cañón e O Outeiro.



Consideración legal e técnica:

Única. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

De acordo con esta, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exixen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 31 de marzo de 2023, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 7 de abril de 2025:

Aprobar a proposta de revisión de esbozo do MVMC Comunal de Cañón e O Outeiro, pertencente á CMVMC de Cañón, Casasoá, O Outeiro e Moreiras, no concello de Celanova.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 8 de maio de 2025

José Antonio Armada Pérez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense

CVE-DOG: 8knxdwp9-t5f5-5uh7-1sa7-f0wxojmjt9





ANEXO

